



06.OUT 04 03504

SAIC

O recoñecemento como créditos de libre elección dos estudos musicais realizados en conservatorios oficiais de música, régúlase nas Resolucións Reitorais de data 9, 16 e 18 de novembro de 1998, 10 de novembro de 1999 e 16 de novembro de 2000. O dito recoñecemento só era efectivo para os estudos musicais superados nos conservatorios oficiais de música que se detallaban no ANEXO da Resolución Reitoral do 10 de novembro de 1999 citada. Tendo en conta que as diferentes Administracións Educativas do Estado son responsables e garantes da calidade das ensinanzas impartidas nos centros por elas autorizados, cómpre estender o recoñecemento destes estudos a todas elas. Asemade, o número de disposicións aplicables fai conveniente reunilas nun só documento.

Por todo o anterior este Reitorado **RESOLVEU**:

PRIMEIRO.- Poderán recoñecerse os estudos que a continuación se relacionan, superados en conservatorios oficiais de música, polos créditos de libre elección que se indican:

Estudios realizados con anterioridade á LOXSE

- Os 2 primeiros cursos de solfeo de conservatorio : 4 créditos
- Os 4 primeiros cursos de solfeo de conservatorio: 6 créditos

Estudios realizados a partir da entrada en vigor da LOXSE

- 3 cursos de Linguaxe Musical, Grao Elemental, plano do 91: 4 créditos
- 5 cursos de Linguaxe Musical, plano do 1991, dos que 4 serán do Grao Elemental e 1 do Grao Medio: 6 créditos

SEGUNDO.- No caso de alumnos dos estudos en Mestre, especialidade en Educación Musical, a materia *Linguaxe Musical (501659107)* troncal de 6 créditos é validable para o alumnado que teña cursado dous cursos de solfexo e Teoría da Música do Plano 66 ou tres cursos de Linguaxe Musical do Grao Elemental do Plano 1991(LOXSE).

TERCEIRO.- A cualificación que se reflectirá no expediente dos alumnos será a de **APTO**.


CUARTO.- No recoñecemento destes estudos non se poderán recoñecer niveis ou unidades superadas distintas que as recollidas nesta resolución.

QUINTO.- A liquidación dos prezos públicos que deberán realizar estes alumnos será polo importe total dos créditos que en cada caso lles sexa recoñecido, ó abeiro dos prezos públicos que para cada curso fixe o Decreto da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

SEXTO.- Deixar sen efecto as Resolucións Reitorais de data 9, 16 e 18 de novembro de 1998, 10 de novembro de 1999 e 16 de novembro de 2000 .

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2004

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.